

Resolución da Dirección Xeral de Xustiza, pola que se publican as adxudicacións definitivas de postos de traballo entre persoal funcionario dos corpos e escalas ao servizo da Administración de xustiza convocados pola Resolución do 20 de febreiro do 2025

O 20 de febreiro de 2025 publicouse na intranet de Xustiza e máis na web da Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes a Resolución da Dirección Xeral de Xustiza, pola que se convoca a provisión de postos de traballo entre persoal funcionario dos corpos e escalas ao servizo da Administración de xustiza.

Vistas as solicitudes presentadas e de conformidade co establecido no artigo 11 da Resolución do 21 de marzo de 2022, da Dirección Xeral de Xustiza, pola que se establecen criterios para a cobertura de postos de traballo mediante comisión de servizos no ámbito da Administración de xustiza na Comunidade Autónoma de Galicia, modificada pola Resolución do 2 de setembro de 2024 e pola Resolución do 10 de outubro de 2024, o 26 de marzo de 2025 publicouse resolución pola que se establecían as adxudicacións provisionais.

Transcorrido o prazo de 3 días hábiles establecido no artigo 11.2 e de conformidade co disposto no artigo 12 da Resolución do 21 de marzo de 2022,

RESOLVO

Primeiro.- Facer públicas, no Anexo I da presente resolución, as puntuacións definitivas obtidas por cada participante da convocatoria.

Segundo.- Aprobar e facer pública, no Anexo II da presente resolución, a listaxe das adxudicacións definitivas dos postos.

Terceiro.- Contra a presente resolución, que esgota a vía administrativa, poderase interpoñer recurso de reposición ante o director xeral de Xustiza no prazo dun mes, ou recurso contencioso-administrativo ante o órgano competente no prazo de dous meses. Ambos os dous prazos contaránse a partir do día seguinte ao da publicación desta resolución na intranet de xustiza (<http://intranet.xustiza.gal>) e máis na web da Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes (<https://conselleriadepresidencia.xunta.gal/xustiza/persoal/comisions-servizo>)

O director xeral de Xustiza

José Tronchoni Albert

DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE





ANEXO I

PERSOAS CANDIDATAS DEFINITIVAMENTE EXCLUÍDAS

Nome e apelidos	Causa de exclusión
David Costas Piñó	Non cumprir co establecido no art. 7. 1 a)

PERSOAS CANDIDATAS DEFINITIVAMENTE ADMITIDAS

Posto	Xefe/a de sección área de patoloxía forense		
Persoas Candidatas	Méritos xerais	Méritos Específicos	Valoración total
Juan José Molina Climent	31,44	4,36	35,80

ANEXO II

LISTAXE DEFINITIVO DE POSTOS ADXUDICADOS EN COMISIÓN DE SERVIZOS

Posto	Xefe/ de sección área de patoloxía forense
Centro de destino	Instituto de Medicina Legal de Galicia (IMELGA). Subdirección Territorial da Coruña
Código do posto	XG9251820015001311.04
Persoa adxudicataria:	Juan José Molina Climent
Data inicio da comisión:	07/04/2025

